

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

5274 *Real decreto 486/2017, do 12 de maio, polo que se modifican o Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira, e o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

A política pesqueira común ten como un dos seus obxectivos esenciais potenciar unha frota profesional economicamente rendible que garanta unha explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños que permita un aproveitamento óptimo, sen pór en risco o equilibrio biolóxico das poboacións explotadas e a integridade do medio físico.

Neste sentido, o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre política pesqueira común, establece o novo marco de xestión da capacidade da frota ao cal se deberán adaptar as axudas que se poden outorgar para a paralización, temporal e definitiva, da actividade pesqueira.

Como un dos piares da nova política pesqueira, no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), establécense as medidas financeiras da Unión para a aplicación da política pesqueira común, das medidas relativas ao dereito do mar, do desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas e da pesca interior, así como da política marítima integrada e, concretamente, nos seus artigos 33 e 34 establece as axudas á paralización temporal e definitiva da actividade pesqueira.

O Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira, establece o novo marco normativo en materia de xestión das axudas á paralización da actividade pesqueira desenvolvendo o establecido no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e adaptación ás circunstancias concretas da frota española, tendo en consideración, especialmente, a distribución competencial existente en España en materia de pesca marítima e ordenación do sector pesqueiro.

A experiencia acumulada na xestión destas axudas puxo de manifesto certas carencias no Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, polo que resulta necesario adaptar a regulación, matizando algúns aspectos que non estaban o suficientemente claros, ao mesmo tempo que se teñen en conta determinadas circunstancias non previstas no real decreto que dificultan aos armadores dos buques pesqueiros cumprir coas exigencias previstas.

O capítulo II do Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro establece o marco básico que regula as axudas á paralización definitiva da actividade pesqueira en España.

As axudas á paralización definitiva da actividade pesqueira teñen como finalidade, única e exclusiva, facilitar o axuste da capacidade da pesca da frota ás súas posibilidades reais, co obxectivo de lograr un equilibrio estable e duradeiro entre ambos os dous, tal como establece o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013. A situación de equilibrio entre a capacidade e as posibilidades de pesca débese avaliar anualmente baixo o principio dun enfoque común en toda a Unión; o dito enfoque garánteo a Comisión mediante o establecemento dunhas orientacións comúns que inclúen parámetros técnicos, sociais, económicos e biolóxicos.

Para tal fin, no artigo 6 do citado real decreto establécense as condicións xerais que debe cumprir a paralización definitiva, fundamentadas no espírito do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Neste sentido, considérase que se deben eliminar as restricións innecesarias impostas no artigo 6 respecto aos familiares de primeiro e segundo grao do beneficiario desta axuda, polas cales tiñan prohibido rexistrar novos buques nun período de cinco anos, para garantirlle ao administrado que poida exercer libremente a actividade económica.

En relación co anterior, engádesse unha disposición derradeira primeira de modificación do número 1 do artigo 13 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, para garantir unha maior seguridade xurídica no cumprimento do disposto no artigo 11 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, sobre operacións non subvencionables, en relación co artigo 34, sobre paralización definitiva, que establece a prohibición para o beneficiario de rexistrar un novo buque pesqueiro no período de cinco anos seguintes á recepción da axuda.

Modifícase o punto 2.b) do artigo 8 sobre o cálculo da contía da axuda correspondente a cada buque para especificar que o número de arqueo bruto (GT) do buque que unicamente se debe ter en conta no cálculo, é aquel GT que figure na folla de asento do barco para efectos pesqueiros.

No número 2 do artigo 10 precísase que o exercicio da actividade pesqueira se refire durante o ano anterior ao da solicitude da axuda, entendendo os 365 días inmediatamente anteriores ou 366 se o ano anterior é bisesto.

Engádesse un novo número 5 no artigo 11 para posibilitar que as comunidades autónomas poidan xestionar e pagar as axudas á paralización definitiva da frota cuxa actividade sexa o marisqueo desde embarcación, sen que a dita actividade teña que ser exclusiva, e á frota que pesca en augas interiores aínda que non sexa de xeito exclusivo, logo de acordo da Conferencia Sectorial de Pesca.

Por outra banda, no capítulo III do Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, establécese o marco básico que regula as axudas á paralización temporal da actividade pesqueira en España.

As axudas á paralización temporal da actividade pesqueira enmárcanse dentro das medidas de fomento da competitividade e da viabilidade das empresas do sector da pesca recollidas no Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Estas axudas deixan de ser unha medida directa de apoio á xestión do esforzo pesqueiro ou da capacidade de pesca, concepto que destas axudas tiveron os anteriores regulamentos de axudas ao sector pesqueiro, para converterse en actuacións destinadas a garantir a viabilidade do sector cando as empresas pesqueiras deban acometer a paralización temporal da súa actividade pesqueira.

Os supostos en que se poderán dar axudas vinculadas á paralización temporal da actividade pesqueira redúcense de forma significativa e só se poderán outorgar estas axudas cando se apliquen medidas de emerxencia por iniciativa da Comisión ou do Reino de España, en aplicación dos artigos 12 e 13, respectivamente, do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013; medidas de conservación previstas no artigo 7 do dito regulamento, incluídos os períodos de descanso biolóxico; cando estea previsto nun plan de xestión adoptado conforme o Regulamento (CE) n.º 1967/2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo ou nun plan plurianual adoptado conforme os artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e, finalmente, no caso de que non se renove un acordo de colaboración de pesca sustentable ou non se renoven os seus protocolos.

No FEMP, así mesmo, establécese que a axuda á paralización temporal de actividades pesqueiras se poderá conceder por unha duración máxima de seis meses por buque durante o período 2014-2020. Neste sentido, no número 2 do artigo 12 aclárase que este período se computa para os efectos de axuda percibida, tanto por buque como por pescador, tendo en conta os días do período subvencionable.

No artigo 14 do Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, establécese as condicións xerais das axudas á paralización temporal. A aplicación deste réxime de axudas puxo de manifesto a falta de previsión de determinadas circunstancias non consignadas

no real decreto, que lles dificultan aos armadores dos buques pesqueiros demostrar o cumprimento das condicións xerais. En consecuencia, dáse unha nova redacción ao citado artigo, que modifica os ordinais 3.º, 4.º e 5.º e engade catro novos para clarificar o seu contido e permitir a súa correcta aplicación e cumprimento.

Ao respecto, no número 2 do artigo 14 establécese a inmovilidade do buque no porto durante o período da parada, exceptuando aqueles movementos que se deban realizar por motivos de seguridade. Dentro do concepto de seguridade enténdense incluídos os traslados do barco ao varadoiro para realizar labores de mantemento e reparación. Non obstante, o dito concepto non quedaba nitidamente expresado na dita disposición, polo que resulta necesario modificalo e reflectir expresamente estas circunstancias.

Igualmente, inclúese a excepción á obrigatoriedade de permanecer inmóbil en porto durante o período de parada cando o buque se mova con ocasión da súa participación en eventos tradicionais, sempre e cando o beneficiario o poida acreditar.

O número 3 do artigo 14 establece a existencia do mantemento do dispositivo de localización do buque acendido durante todo o período de parada. Esta obriga pode, en ocasións, non cumprirse por causas totalmente alleas ao armador do buque, como son as avarías ou o esgotamento da batería de alimentación do dispositivo. Estas circunstancias débense ter en consideración, polo que o novo texto proposto reflicte a casuística que se pode dar e o procedemento de actuación, incluíndo no primeiro parágrafo do novo número 6 a regulación deste procedemento.

Igualmente, elimínase do texto o requisito de certificación da autoridade competente ao considerar suficiente que os motivos do desprazamento do buque queden reflectidos no rol de despacho. Modifícase, no mesmo sentido, o número 4 do artigo 14 para regular a entrega do rol neste suposto.

Derivado do anterior, engadíronse catro novos números nos cales se especifican os procedementos que se deben realizar entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para a xestión destas axudas e se definen os termos de período computable e subvencionable, co fin de mellorar a comprensión de conceptos que non estaban suficientemente definidos no Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro.

No artigo 15.1.e) establécese como requisito para o armador ter presentado ante a autoridade laboral a correspondente comunicación de inicio do procedemento de suspensión dos contratos, de acordo co procedemento sinalado no artigo 47 do Estatuto dos traballadores, polo total dos tripulantes enrolados na embarcación na data da última arribada a porto para comezar a parada.

Non obstante, en ocasións, pola propia natureza do contrato, este encóntrase xa suspendido ou extinguido no momento da arribada a porto do barco. Para dar solución a esta circunstancia o novo texto exime os armadores do cumprimento deste requisito para eses casos concretos.

De acordo co pactado na Conferencia Sectorial e en liña co artigo 19 do Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, acordouse a posibilidade de establecer períodos máximos subvencionables de 15 días dentro do período computable no período de descanso biolóxico ou de veda.

Así mesmo, modifícase o artigo 16, que regula o importe da axuda en paradas temporais, para diferenciar aquelas paradas temporais cuxo período subvencionable teña unha duración igual ou superior a 15 días e igual ou inferior a 31 días daquelas cuxa duración sexa inferior a 15 días ou superior a 31.

Modifícase a definición de idade do buque da disposición adicional primeira, para tomar como referencia o ano de solicitude da axuda en lugar do ano da súa concesión, por ser un dato verificable desde o primeiro momento, o que facilita a xestión das axudas.

Engádese no número 3 do artigo 19 un novo parágrafo para posibilitar que as comunidades autónomas poidan financiar as paradas temporais da frota marisqueira e da que navega en augas interiores, aínda que non o fagan de xeito exclusivo, se polo menos exerceron a dita actividade os 120 días mínimos exixidos no artigo 13, na modalidade de marisqueo ou en augas interiores, respectivamente. Por último, co fin de evitar agravios comparativos derivados da dificultade de demostrar determinadas circunstancias por parte

dos solicitantes das axudas que realizaron unha parada temporal subvencionable, incorpórase o principio de retroactividade do disposto nos números 6 e 7 do artigo 14.

Támén serán de aplicación retroactivamente as modificacións realizadas nos artigos 11 e 19 con respecto ao financiamento e xestión de axudas á frota marisqueira e á que pesca en augas interiores.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como o sector pesqueiro afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 12 de maio de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do FEMP, no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira.*

O Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira, queda modificado como segue:

Un. O número 7 do artigo 6 queda redactado do modo seguinte:

«7. Os propietarios dos buques pesqueiros beneficiarios destas axudas terán prohibido rexistrar un buque pesqueiro na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras ou en calquera outro rexistro de pavillón comunitario ou extracomunitario nos cinco anos seguintes á data de recepción da axuda.

No caso de que a titularidade da propiedade dos buques beneficiarios das axudas recaia en persoas físicas, esta restrición estenderase á súa participación en persoas xurídicas que vaian rexistrar outros buques. No caso de que o propietario do buque sexa nunha persoa xurídica, a restrición afectará os seus partícipes, que non poderán rexistrar un buque nin participar nunha sociedade que o vaia rexistrar.»

Dous. As letras a) e b) do número 2 do artigo 8 quedan redactadas do modo seguinte:

«a) Atendendo ás características do buque, os baremos para as axudas establécense no anexo I do presente real decreto.

Para os efectos destas axudas, a modalidade censual do buque será a que figure no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira na data de terminación do prazo de presentación das solicitudes de axudas, que deberá ser a mesma que a que figuraba no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira no momento da entrada en vigor do presente real decreto.

b) A contía correspondente a cada buque pola aplicación do baremo calcularase multiplicando o baremo correspondente polo número de arqueo bruto (GT) do buque obxecto da paralización.

O número de arqueo bruto (GT) será o que figura na folia de asento do barco para efectos pesqueiros.

Para o cálculo das axudas, non se computarán os incrementos de arqueo bruto (GT) consecuencia das obras de modernización sobre cuberta realizadas segundo o establecido nos artigos 9 e 10 do Regulamento (CE) n.º 1013/2010 da Comisión, do 10 de novembro de 2010, polo que se establecen as normas de aplicación da política de frotas pesqueiras da Unión definida no capítulo III do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, nos cinco anos anteriores desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes de axudas.»

Tres. O número 2 do artigo 10 queda redactado do modo seguinte:

«2. Terán a consideración de buques activos aqueles que estean en situación de alta, provisional ou definitiva, no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e que exercesen a actividade pesqueira durante o ano anterior ao da solicitude da axuda; computaranse os 365 días inmediatamente anteriores ou 366 se o anterior é bisesto.»

Catro. Engádesse un novo número 5 no artigo 11, que queda redactado como segue:

«5. Para a frota que leva a cabo actividade de marisqueo desde embarcación e a frota que pesca en augas interiores, sen que estas actividades sexan exclusivas, as axudas poderán ser xestionadas e financiadas polas comunidades autónomas logo de acordo da Conferencia Sectorial de Pesca.»

Cinco. O número 2 do artigo 12 queda redactado do modo seguinte:

«2. A axuda por paralización temporal poderase conceder por unha duración máxima equivalente a seis meses por buque e pescador, durante o marco de programación 2014-2020 do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.»

Seis. O artigo 14 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 14. *Condicións xerais.*

1. Os 120 días mínimos de actividade pesqueira exixidos no artigo anterior deberanse ter realizado na modalidade e caladoiro que se especifique en cada orde de convocatoria.

2. Durante o período de paralización, a inactividade pesqueira debe ser total e o buque debe permanecer en porto durante todo o período computable da parada. Non poderá ser despachado para actividade ningunha e sen que sexa necesario que ese porto coincida co seu porto base. Esta circunstancia deberá quedar recollida no rol de despacho, no cal se indicará expresamente que o barco entra a porto para iniciar unha parada temporal da actividade pesqueira e, igualmente, o día de saída indicárase que o buque finaliza a parada temporal.

Poderanse exceptuar aqueles movementos do barco motivados por razóns de seguridade exixidas pola autoridade competente, así como os desprazamentos do barco a varadoiro para efectuar labores de mantemento ou reparacións, que deberá acreditar documentalmente o beneficiario. En calquera caso, o barco deberá ser despachado para estas actividades concretas con indicación da data de saída e de chegada ao porto de destino.

Igualmente, e con carácter excepcional, poderanse exceptuar os movementos do barco nos supostos da participación do buque na celebración de festas mariñeiras tradicionais durante o período de veda ou parada temporal. Estes movementos deberán quedar acreditados documentalmente polo beneficiario mediante a achega da relación de buques que participasen no evento, certificado pola Confraría de Pescadores organizadora deste, na cal se indicará o nome e código de cada buque participante, a data e o horario do desprazamento, así como a zona onde se realizase.

3. Os días de actividade no mar a que fai referencia o artigo 33.3 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, verificaranse a través dos medios e instrumentos establecidos no artigo 10.1. Todos os buques que dispoñan de dispositivos de localización de buques vía satélite deberán mantelos acendidos durante o período de duración da parada temporal. Nos casos excepcionais a que fai referencia o parágrafo segundo do número anterior, o dispositivo de localización deberá permanecer acendido durante o traxecto ao lugar de destino, e poderá permanecer apagado ou

desconectado mentres o buque se encontra realizando labores de mantemento ou reparación.

No caso excepcional previsto no parágrafo 3 do número anterior, o armador ou o patrón do buque comunicarlle ao Centro de Seguimento de Buques da Secretaría Xeral de Pesca, con polo menos sete días de antelación, a súa participación na festa mariñeira ou procesión marítima. Esta comunicación especificará o nome e código do buque, así como a data e o horario previstos para o evento. O dispositivo de localización do buque deberá permanecer acendido durante todo o traxecto realizado na dita xornada. Teranse en conta, non obstante, outras probas documentais para comprobar a inactividade pesqueira como posibles declaracións de capturas ou notas de venda que puidese realizar o buque na xornada festiva e nos sete días seguintes á data do evento festivo, ou as posibles inspeccións *in situ* sobre a ausencia de artes de pesca a bordo ou que estean totalmente recollidas.

No suposto de desconexión do dispositivo de localización por entrada en varadoiro, o estaleiro ou varadoiro deberá certificar a data de entrada e saída do buque. Neste suposto, o interesado deberá comunicar esta circunstancia, ademais de ao Centro de Seguimento de Buques, ao órgano competente na xestión das axudas.

No suposto de que o dispositivo de localización se apague ou desconecte temporalmente, tanto por motivos técnicos do propio dispositivo como do buque, o armador ou o patrón do buque deberán comunicar esta circunstancia ao Centro de Seguimento de Buques da Secretaría Xeral de Pesca no prazo máximo de 48 horas, contado desde a hora en que o dispositivo cesou de emitir. Así mesmo, remitiranlle ao órgano xestor das axudas as probas documentais necesarias para a comprobación das circunstancias que orixinaron o apagamento ou a desconexión. Como probas documentais aceptaranse as facturas das reparacións ou mantemento que o barco tivese realizado e que o interesado alegue como a circunstancia necesaria que orixinou o apagamento ou desconexión do dispositivo de localización.

No caso de que o dito apagamento fose orixinado por esgotamento da batería de alimentación do dispositivo de localización, o interesado deberá comunicar, mediante unha declaración responsable, a dita circunstancia ao Centro de Seguimento de Buques da Secretaría Xeral de Pesca, no prazo máximo de 48 horas contado desde a hora en que o dito dispositivo cesou de emitir, con indicación de se se vai proceder á recarga ou á substitución da batería. Disporá dun prazo máximo de 48 horas para a repor ou de 24 horas para recargala. En ambos os dous casos, o prazo comezará a computarse desde a hora en que se produciu o apagamento, e non se computarán os días inhábiles.

No caso de substitución da batería como proba documental admitirase a factura de compra da nova batería, que se deberá presentar ante o órgano competente na xestión das axudas.

4. A suspensión da actividade pesqueira deberase acreditar a través da entrega do rol na Capitanía Marítima do porto no momento da súa chegada, sen prexuízo da súa verificación posterior a través dos dispositivos referidos no número anterior.

No suposto de que o barco deba desprazarse a varadoiro, o rol de despacho deberase depositar na Capitanía Marítima de destino.

5. Por petición do órgano competente na xestión das axudas, a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente certificará o día e a hora en que se produciu o apagamento, os días en que o dispositivo permanecía apagado e a hora e o día en que se restableceu a conexión, así como a hora e data en que se produciu a comunicación do interesado, con indicación das causas alegadas por el que orixinaron o apagamento ou desconexión.

6. Nos casos en que se tivese producido o apagamento ou desconexión do dispositivo de localización e nos cales o interesado alegue algunha das causas

técnicas sobrevidas, a que fai referencia o número 3 deste artigo, efectuaranse, adicionalmente, probas complementarias nas cales se verificará a existencia de declaracións de capturas e de notas de venda no período comprendido entre a data do apagamento ou desconexión do dispositivo e o día de finalización do período computable da parada, así como durante, como mínimo, os sete días seguintes á data de finalización do período computable da parada. O citado período de sete días poderase ampliar, tendo en conta as circunstancias concretas de comercialización do peixe da frota obxecto da parada subvencionable, mediante o Acordo da Conferencia Sectorial a que fai referencia o artigo 19.

Por petición do órgano competente na xestión das axudas, a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente certificará as declaracións de capturas e notas de venda que se tivesen declarado durante o período a que fai referencia o parágrafo anterior deste número.

7. Para efectos destas axudas, entenderase por período computable o período de tempo de parada obrigatoria da frota acordado na Conferencia Sectorial para acceder ás axudas, dentro dun período de veda, descanso biolóxico ou de paralización da actividade pesqueira.

Por período subvencionable entenderase o número de días que se acordase subvencionar no intervalo de tempo do período computable.

En calquera caso, tanto o período computable como o subvencionable incluíranse no acordo da Conferencia Sectorial a que fai referencia o artigo 19.

8. As comunidades autónomas, no ámbito da súa competencia, poderán solicitar requisitos adicionais aos establecidos neste real decreto. Para garantir a igualdade de trato aos potenciais beneficiarios deste tipo de axudas en todo o territorio nacional, estes requisitos adicionais serán propostos de forma previa pola comunidade autónoma no seo da Conferencia Sectorial, para a súa aceptación e aprobación por acordo desta.»

Sete. O punto 1.e) do artigo 15 queda redactado do modo seguinte:

«e) Achegar a comunicación do empresario á autoridade laboral da súa decisión de suspender os contratos de traballo ou redución de xornada, e nos casos de forza maior tamén a resolución da autoridade laboral, de acordo co artigo 47 do Estatuto dos traballadores, polo total dos tripulantes enrolados na embarcación, na data da última arribada a porto para comezar a parada.

A suspensión ou redución de xornada producirá efectos, no suposto de causa de forza maior, desde a data do feito causante da forza maior, e no suposto de causas económicas técnicas, organizativas ou de produción a partir da data da súa comunicación á autoridade laboral, salvo que na decisión do empresario se estableza outra posterior.

Non obstante, poderase eximir deste requisito cando se xustifique documentalmente que os contratos de traballo dos tripulantes enrolados na data da arribada a porto para comezar a parada, pola súa natureza, se extinguen ou se suspenden nese momento.»

Oito. As letras b) e c) do número 2 do artigo 15 quedan redactadas do modo seguinte:

«b) Estar incluídos no procedemento de suspensión de contratos de traballo ou de redución de xornada previsto no artigo 15.1.e).

c) Encontrarse na situación de alta na Seguridade Social e manter a relación laboral coa empresa armadora da embarcación en que se encontraban enrolados no momento de sobrevir a inmovilización da frota durante a parada.»

Nove. Engádese un novo número 4 no artigo 15, que queda redactado como segue:

«4. Cando un pescador recomece o exercicio da actividade pesqueira enrolándose noutro buque durante o tempo que dure a parada temporal, perderá o dereito a percibir a axuda.»

Dez. O artigo 16 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 16. *Importe da axuda.*

1. O importe máximo da axuda concedida aos armadores dos buques obxecto de paralización temporal calcularase multiplicando o baremo correspondente, establecido no anexo III, polo número de arqueo bruto (GT) do buque e o número de días establecido como período subvencionable no Acordo da Conferencia Sectorial para a dita parada.

Para estes efectos, o número de arqueo bruto (GT) será o que figura na folla de asento do barco.

2. O importe da axuda a pescadores calcularase do seguinte xeito:

a) Cando o período subvencionable teña unha duración igual ou superior a 15 días e igual ou inferior a 31 días, o importe máximo da axuda a pescadores establécese no dobre do salario mínimo interprofesional, en cómputo mensual.

b) Cando o período subvencionable teña unha duración inferior a 15 días ou superior a 31 días, o importe máximo da axuda a pescadores calcularase multiplicando un máximo de 50 euros polo número de días establecido como período subvencionable.

3. A duración do período subvencionable para o cálculo das axudas aos armadores pola paralización temporal será igual para todos os buques afectados por unha mesma parada, independentemente do porto base destes.»

Once. Modifícase o número 3 do artigo 19, que queda redactado como segue:

«3. As frotas cuxa actividade exclusiva sexa o marisqueo desde embarcación e as que pescan exclusivamente nas augas interiores, nas cales a competencia de pesca e acuicultura lles corresponde ás comunidades autónomas, serán xestionadas e financiadas polas ditas administracións.

Así mesmo, as comunidades autónomas poderán financiar as paradas temporais da frota que realiza actividade de marisqueo desde embarcación ou que pesca en augas interiores, sen que esta actividade sexa exclusiva, cando os 120 días mínimos de actividade pesqueira exixidos no artigo 13 se dediquen ao marisqueo ou se exercen en augas interiores, respectivamente.»

Doce. A disposición adicional primeira queda redactada do modo seguinte:

«Disposición adicional primeira. *Idade do buque.*

Para os efectos das axudas, a idade do buque será o número enteiro definido como a diferenza entre a data de solicitude dunha subvención e a da súa entrada en servizo que figura no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.»

Trece. A disposición adicional segunda queda redactada do modo seguinte:

«Disposición adicional segunda. *Réxime especial para as paralizacións temporais por períodos dun día á semana.*

No suposto de que a paralización temporal da actividade pesqueira se leve a cabo mediante o cesamento da actividade durante períodos dun día á semana, adicional aos días de descanso obrigatorio, non será de aplicación o disposto no

artigo 14.4. Igualmente, non será de aplicación o disposto no artigo 14.2 en relación coa obrigatoriedade de quedar reflectida no rol de despacho a entrada a porto para iniciar unha parada temporal e a finalización da parada temporal o día de saída.

En calquera caso, a autoridade pesqueira competente deberá acreditar a inactividade do buque, que estará programada con antelación mediante un plan de paralización temporal da actividade pesqueira, establecido pola dita autoridade para o porto ou frota que se acollan a esta modalidade de paralización temporal.»

Catorce. A disposición transitoria única pasa a ser a disposición transitoria primeira.

Quince. Engádesse unha disposición transitoria segunda, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Retroactividade.*

Poderanse acoller ao disposto no artigo 14, números 3, 5, 6 e 7, con efectos desde o 31 de decembro de 2015, os solicitantes de axudas por paralización temporal para os cales se ditase resolución desestimatoria, por incumprimento da obriga prevista no número 3 do artigo 14, de ter o dispositivo de localización do buque acendido durante o período de duración da parada, sempre e cando poidan demostrar por calquera proba admitida en dereito que o apagamento tivo lugar por causas técnicas involuntarias, os cales se poderán beneficiar das axudas que lles correspondese percibir conforme a normativa vixente nese momento.

Os órganos responsables da xestión das axudas á paralización temporal habilitarán o procedemento no ámbito das súas competencias que posibilite que os administrados aos cales se lles tivese denegado a axuda por este motivo poidan acceder ás axudas presentando unha nova solicitude xunto coa xustificación fidedigna de que o dito apagamento ou desconexión se debeu a causas técnicas involuntarias.

Así mesmo, aplicarase con efectos desde o 31 de decembro de 2015 o disposto no número 5 do artigo 11 e no número 3 do artigo 19.»

Dezaseis. O anexo I queda redactado do modo seguinte:

«ANEXO I

Importe máximo da prima. Paralizacións definitivas

(Baremo + coeficiente corrector) x GT

Segmento de frota			Importe máximo da prima en euros (Valor histórico do casco**)
Caladoiro	Categoría de buque por eslora* (metros)	Arte de pesca	
Todos os caladoiros	<12	Anzois.	(7.560,96 + 5.416,03)xGT
		Arrastre de fondo.	(4.603,09 + 5.416,03)xGT
		Artes fixas polivalentes.	(6.777,17 + 5.416,03)xGT
		Cerqueiros.	(3.360,84 + 5.416,03)xGT
		Nasas e artes de trampa.	(4.461,38 + 5.416,03)xGT
		Rastreiros.	(7.407,61 + 5.416,03)xGT
		Redes de enmalle.	(5.545,75 + 5.416,03)xGT
	≥12 <18	Anzois.	(7.355,77 + 1.327,94)xGT
		Arrastre de fondo.	(4.693,21 + 1.327,94)xGT
		Artes fixas polivalentes.	(4.868,81 + 1.327,94)xGT
		Cerqueiros.	(4.166,1 + 1.327,94)xGT
		Nasas e artes de trampa.	(3.394,3 + 1.327,94)xGT
		Rastreiros.	(6.956,39 + 1.327,94)xGT
	≥18 <24	Anzois.	3.530,27xGT
		Arrastre de fondo.	3.590,91xGT
Cerqueiros.		4.154,28xGT	
Redes de enmalle.		2.381,34xGT	
≥24 <40	Anzois.	2.893,87xGT	
	Arrastre de fondo.	3.467,11xGT	
	Cerqueiros.	5.092,53xGT	
≥40	Redes de enmalle.	2.188,64xGT	
	Anzois.	2.351,71xGT	
		Arrastre de fondo.	1.985,66xGT
		Cerqueiros.	2.712,12xGT

*Entenderase por eslora: a eslora total que figura inscrita no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

**Para os buques con menos de 18 metros de eslora engadiuse o factor corrector.

Nota: o palangre de superficie, para os efectos do cálculo do importe máximo da prima destinada a buques pesqueiros, asimilarase a anzois.

Estes importes aplicaranse para os buques que se encontren nun segmento en desequilibrio do Plan de acción.»

Dezasete. O anexo II queda redactado do modo seguinte:

«ANEXO II

Importe máximo da prima. Acondicionamento do buque para actividades distintas da pesca comercial

Segmento de frota			Importe máximo da prima en euros (valor histórico do buque)	
Caladoiro	Categoría de buque por eslora* (metros)	Arte de pesca		
Todos os caladoiros	<12	Anzois.	15.113,26xGT	
		Arrastre de fondo.	9.651,54xGT	
		Artes fixas polivalentes.	14.121,02xGT	
		Cerqueiros.	6.856,17xGT	
		Nasas e artes de trampa.	9.011,48xGT	
		Rastreiros.	16.040,32xGT	
			Redes de enmalle.	11.258,2xGT
		≥12 <18	Anzois.	14.531,63xGT
			Arrastre de fondo.	9.363,34xGT
			Artes fixas polivalentes.	10.011,6xGT
	Cerqueiros.		8.591,88xGT	
		Nasas e artes de trampa.	6.799,57xGT	
		Rastreiros.	13.527,87xGT	
		Redes de enmalle.	8.952,54xGT	
	≥18 <24	Anzois.	6.913,84xGT	
		Arrastre de fondo.	7.088,16xGT	
		Cerqueiros.	8.392,14xGT	
		Redes de enmalle.	4.670,72xGT	
	≥24 <40	Anzois.	5.686,5xGT	
		Arrastre de fondo.	6.734,7xGT	
		Cerqueiros.	9.790,58xGT	
		Redes de enmalle.	4.590,78xGT	
	≥40	Anzois.	4.645,79xGT	
		Arrastre de fondo.	4.158,34xGT	
		Cerqueiros.	5.610,56xGT	

*Entenderase por eslora: a eslora total que figura inscrita no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

Nota: o palangre de superficie, para os efectos do cálculo do importe máximo da prima destinada a buques pesqueiros, asimilarase a anzois.

Estes importes aplicaranse para os buques que se encontren nun segmento en desequilibrio do Plan de acción.»

Dezaquito. O anexo III queda redactado do modo seguinte:

«ANEXO III

Importe máximo da prima. Paralización temporal

Baremo para armadores

Contías máximas da indemnización

Categoría de buque por clase de tonelaxe (GT)	Importe máximo da prima por buque e día (en euros)
< 25	5,16xGT+36 ⁽¹⁾
≥25 e <50	3,84xGT+66
≥50 e <100	3,00xGT+108
≥100 e <250	2,40xGT+168
≥250 e <500	1,80xGT+318
≥500 e <1.500	1,32xGT+558
≥1.500 e <2.500	1,08xGT+918
≥2.500	0,80xGT+1.608

(1) Garántese un mínimo de 100 € diarios.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

Modifícase o número 1 do artigo 13 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, que queda redactado como segue:

«1. As solicitudes de autorización de nova construción dirixíranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que o buque vaia ter o seu porto base, e xuntárase unha declaración responsable en que o solicitante manifieste que nos 5 anos previos a esta solicitude non resultou beneficiario de ningunha axuda destinada á paralización definitiva de actividade pesqueira procedente do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e, en todo caso, que na construción do novo buque non se empregará financiamento procedente do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de maio de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA